

Ventaxas de CSS

As ventaxas de empregar CSS son:

- ◇ **Maior control no deseño das páxinas:** Pódese chegar a deseños fora do alcance de HTML.
- ◇ **Menos traballo:** Pódese cambiar o estilo de todo un sitio coa modificación dun único arquivo.
- ◇ **Documentos máis pequenos:** As etiquetas *font* e a gran cantidade de táboas empregadas para dar unha boa aparencia ós sitios web desaparecen agora, polo que se aforra código na configuración da presentación do sitio.
- ◇ **Documentos moito máis accesibles:** Os documentos ben estruturados son accesibles a mais dispositivos e usuarios.
- ◇ **HTML de presentación está en vías de desaparecer:** O W3C xa depreciou todos os elementos e atributos de presentación das especificacións HTML e XHTML.
- ◇ **Ten bo soporte:** Neste intre, case todos os navegadores soportan case toda a especificación CSS1 e a maioría tamén as recomendacións de nivel 2 e 2.1.